

I.E.S. O COUTO

www.edu.xunta.es/centros/iescouto

r/ Rampa de Sas, s/n - 32002 Ourense

988 391249

988 391276

ies.couto@edu.xunta.es



PLAN DPTO. ORIENTACIÓN 2021/2022



Rúa Rampa de Sas-32 D-C.P: 32002-Ourense
Telf: 988 391 249-Fax:988391 276
Correo electrónico: ies.couto@edu.xunta.es

INDICE

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

OBXECTIVOS

PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

CONCLUSIÓN

PROGRAMACIÓNS PROFESORADO PT

INTRODUCCIÓN

Entendemos a orientación educativa como o proceso de resposta que se insire na actividade educativa, e que ten coma obxectivo contribuír ó desenvolvemento integral do alumnado, có fin de capacitalo para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade.

Este proceso para ser eficaz, ten que ser sistemático e planificado e deberá estar dirixido a tódolos sectores da comunidade educativa, xa que todos eles forman un sistema no que as relacións que se establecen entre os seus membros (pais/nais, alumnos/as, profesores/as e persoal non docente), inflúen en tódolos demais e en si mesm@s.

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

No presente curso 2021/22 o Departamento de Orientación do IES O Couto estará formado por:

- Especialista en Ped. Terapéutica: Jose Manuel Souto Amado
- Especialista en Ped. Terapéutica: María Dolores Quintas Suárez
- Especialista en Ped. Terapéutica: Pablo Rodríguez Nóvoa
- Representante do ámbito Científico-Tecnolóxico:
- Representante do ámbito Lingüístico-Social:
- Xefa de Departamento: Sonia Ferro Cid

Manteránse reunións unha vez o mes, inicialmente de xeito telemático, das que se levantará acta entre a orientadora e os/a especialistas en Pedagogía Terapéutica (P.T), para tratar aqueles temas relacionados co alumnado con necesidades educativas. O profesorado de ámbito do Dpto así como o profesorado titor de 1º e 2º da ESO será convocado previamente naqueles casos que sexa necesario, nunha segunda reunión mensual con este Dpto.

HORARIO DE XEFATURA DE DEPARTAMENTO PROFESORA ORIENTACIÓN EDUCATIVA: SONIA FERRO CID

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.20-10.10		OR	XD	XD	
10.10-11.00		OR	OR	OR	
11.00-11.30		OR	OR	OR	OR
11.30-12.20		ATENC. FAM.	OR	OR	OR
12.20-13.10		OR	OR	OR	OR
13.10-14.00		OR	OR	OR	OR
16.05-16.20	G. TRANSP.				
16.20-17.10	G				
17.10-18.00	OR				

18.00-18.15	G.TRANSF.				
-------------	-----------	--	--	--	--

O horario da xefa do Departamento contempla a atención do alumnado, familias, e profesorado do propio centro. Sen embargo en datas específicas como comezo e final de curso, levará a cabo polo menos unha entrevista co/a responsable do Departamento de orientación dos centros educativos adscritos ao Instituto, dos que procede a maior parte do alumnado.

- CEIP O Couto
- CEIP Vistahermosa
- CEIP Manuel Luís Acuña
- CEIP Saco e Arca de Toen

Estas reunións poderán ser modificadas ao longo do curso, dependendo das necesidades que vaian xurdindo.

-Horario dos/as especialistas en P.T:

No curso actual, os apoios realizados polas especialistas vanse levar a cabo si é posible dentro da aula do grupo, realizándose nas aulas de apoio naquelas situacións nas que o alumnado precise unha atención especializada.

Esta atención poderanse ser modificada ao longo do curso, dependendo das necesidades que xurdan.

OBXECTIVOS

A) XERAIS

- Garantir a todo o alumnado do centro o exercicio do dereito á educación.
- Ser o medio a través do cal se fai efectiva a atención á diversidade do alumnado.
- Contribuír á personalización da ensinanza
- Previr e atender as dificultades de aprendizaxe.
- Axustar a resposta educativa as necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas.
- Cooperar e resaltar os aspectos orientadores da educación.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, adquisición da propia identidade e sistema de valores.
- Axudar ó alumnado a tomar decisións en orde o seu proxecto de vida.
- Contribuír á axeitada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa, así coma entre a comunidade educativa e o entorno social.

B) ESPECÍFICOS

● Co Centro

- Asesorar os órganos colexiados e unipersoais.
- Colaborar na elaboración do plan do centro, especialmente naqueles aspectos que teñen que ver coa orientación educativa.
- Dirixir e coordinar o Plan de Acción Titorial (P.A.T).
- Dirixir e organizar o apoio pedagóxico.

- Desenvolver actividades de innovación educativa.

● Co alumnado

- Potenciar a orientación para todos.
- Axudar ao alumnado nos momentos críticos.
- Proporcionar orientación individualizada.
- Facilitar información vocacional.
- Proporcionar apoio pedagóxico.
- Avaliar necesidades educativas individuais (avaliación psicopedagóxica).

● Co profesorado

- Transmitir información da avaliación psicopedagóxica.
- Asesorar en materia de organización e agrupamentos.
- Asesorar no relativo ó Plan de Acción Titorial.
- Colaborar na avaliación pedagóxica do alumnado.
- Facilitar o uso de técnicas instrumentais específicas.
- Asesorar no referido ó desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- Solicitar a súa colaboración có Departamento de Orientación.
- Informar e formar sobre as diferentes medidas de atención a diversidade, sobre todo no que respecta a altas capacidades.

● Coas familias

- Cooperar na relación titores-familias
- Orientar as familias na educación dos seus fillos/as.
- Contribuír a súa formación coma educadores.
- Solicitar a súa colaboración co D.O.

● Con outras institucións

- Colaborar cos Servizos Sociais no desenvolvemento de actividades e programas de carácter preventivo para alumnado e familias, e no intercambio de información sobre alumnos con NEE.
- Establecer canles de comunicación con outros servizos da zona (centro de saúde, policía nacional, cruz vermella, gabinetes privados,...)
- Contactar e colaborar co E.O.E. (no caso de que sexa necesario)
- Contactar cos servizos da unidade infantil–xuvenil de atención psicolóxica e psiquiátrica, no caso de que sexa necesario.
- Contactar con organismos de emprego, consellerías, universidade...
- Establecer relacións con centros educativos da contorna.

Sen desatender os obxectivos expostos, durante o presente curso, e tendo en conta as propostas de mellora do curso anterior, farase fincapé en:

- Seguir colaborando co profesorado e os departamentos didácticos nunha rápida detección das posibles necesidades, e establecer a resposta educativa máis axeitada.
- Concienciar ó equipo docente, de que a atención á diversidade, debe ser realizada polo conxunto de tódolos docentes.
- Mellorar a coordinación entre o último ciclo da EP e o 1º curso da ESO para optimizar o paso do alumnado á nova etapa.

- Mellorar a coordinación e colaboración cos/as titores/as, na aplicación do P.A.T.
- Mellorar a implicación das familias na educación dos fillos/as para a promoción de hábitos de traballo e estudo.
- Seguir coas colaboracións con diferentes institucións e organismos de Ourense, que se ocupan de aspectos do coidado, atención e formación do alumnado, e as súas familias.
- Ampliar os recursos materiais do Departamento de Orientación en función das demandas recibidas.

PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

No deseño do Plan de Orientación Educativa do D.O seguiranse as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P). Na posta en práctica será precisa a colaboración de:

- O equipo directivo a través da xefatura de estudos con quen se planificarán e dirixirán as actividades. Para isto, levaranse a cabo tódalas reunións que sexan precisas.
- Os departamentos a través da C.C.P onde estes están representados polos seus xef@s.
- Titores/as: A través das reunións periódicas que sexan necesarias Para a xeneralización das tarefas, é moi importante que haxa unha coordinación eficaz. O responsable desta coordinación é o profesor/a titor/a do grupo, apoiado e asesorado polo departamento de orientación.
- A/O profesorado de Pedagogía Terapéutica: Levará a cabo as actividades co alumnado que presente necesidades educativas de apoio educativo, en colaboración cos/coas titores/as e co resto do profesorado que lles imparte clase.

As actividades que se levan a cabo dentro da Programación de Orientación Educativa dun centro fan referencia os tres plans e están incluídos dentro dunha planificación xeral.

PLANIFICACION XERAL

ACTUACIÓNS

- Asistencia as avaliacións extraordinarias.
- Selección definitiva do alumnado candidato as diferentes medidas de atención a diversidade a aplicar e realización dos trámites oportunos (PMAR, FP. Básica, Agrupamentos...).
- Axuda na tramitación de axudas e becas para a atención e o estudo do alumnado.
- Reunión co/a responsable do Dpto. de Orientación dos centros adscritos.
- Constitución do Departamento de orientación.
- Elaboración do P.O.E, P.A.D, P.A.T e P.O.A.P
- Participación na presentación do curso
- Entrega de documentación ao profesorado titor.

- Estudio dos antecedentes escolares, características persoais e familiares dos alumnos/as que accedan da Ed. Primaria e E.S.O.
- Elaboración de informes por cursos do alumnado.
- Entrega de datos relevantes do alumnado ao profesorado titor.
- Participación na sesión de pre-avaliación
- Participación nas reunión profesorado titor-familias do alumnado que comeza a E.S.O.

- Colaboración co profesorado na realización da Avaliación inicial para detectar dificultades de aprendizaxe no alumnado.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado con dificultades detectado..
- Reunión con titores/as, profesores/as PT, e outros especialistas, si son necesarios, co fin de organizar os apoios, elaboración de A.C.Is, e aplicación doutras medidas

- Seguimento do alumnado con n.e, n.a.e, e a.n.e.e detectados no 1º trimestre e aplicación e adaptación das medidas necesarias.
- Asesoramento, orientación e apoio, a familias, alumnado e Profesorado, no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Acollida, avaliación psicopedagóxica, integración na aula, e transmisión ao profesorado sobre o alumnado de incorporación tardía que accede ao noso centro.

En colaboración cos D.O de outros centros:

- Recompilación de información sobre alumnos/as con n.a.e, e a.n.e.e dos centros dos que procede o alumnado que accede ao noso centro.

- Seguimento e colaboración nas actuacións do PAD, P.A.T, POAP
- Recompilación de material de reforzo e apoio para as diferentes actuacións planificadas, e que vaian xurdindo.
- Participación en actividades formativas..
- Relación con outros organismos e institucións.
- Outras

- Avaliación e realización da memoria do P.O.E

ACTIVIDADES DPTO. DE ORIENTACIÓN PXA 2021/22

- Posta en marcha do KIT Supervivencia Lectora 21/22 para alumnado de 1º ESO
- Charlas de centros con estudos posteriores á ESO e Bac.
- Charla da CIUG sobre ABAU 2022.
- Charlas relacionadas cos protocolos iniciados no curso 21/22: Xénero, Diabete, TEA, TDAH
- Centro de Orientación Familiar Consellería de Sanidade: educación afectivosexual.
- Plan Director para a Convivencia: Novas tecnoloxías, drogas e alcoholismo.
- Suxerencias do claustro e dpto. segundo necesidades do presente curso.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (P.A.T):

Actualización do Plan e proposta á CCP durante este curso 2021/22.

Ao longo do 1º mes ao profesorado titor/a da E.S.O facilitaráselle un dossier informativo con documentación de interese:

- Profesorado -O sistema Educativo -Que é iso da E.S.O -Horarios
- Cando se avalía -Como se pasa ao curso seguinte -Como se titula
- Cando temos dificultades que se fai -Consellos para mellorar no estudo
- Estudar, un proceso que require catro momentos
- Outros consellos para estudar mellor -Adolescentes e preadolescentes
- Fortalecendo a atención.

1º TRIMESTRE-CURSO: 1º ESO

DATA	ACTIVIDADES
	PRESENTACIÓN DO CURSO E ACOLLIDA DO ALUMNADO
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: ACTIVIDADE DE COHE-SIÓN
	CANDIDATURAS E ELECCIÓN DE ALUMNADO DELEGADO
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: NORMAS DA AULA
	BLOQUE: APRENDER A ESTUDIAR:- CONDICIÓN E PLANIFICA-CIÓN DE ESTUDO-
	BLOQUE: APRENDER A SER: RESPECTO, DIGNIDADE, E OU-TROS VALORES
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: O SAMAÍN(31 OUT)
	BLOQUE: APRENDER A SER:AUTOCONECAMENTO -AUTOESTIMA
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: O MAGOSTO (11 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: DEREITOS DA INFANCIA (20 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A SER: CONTRA O MALTRATO (25 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E ESTATUTO DE AUTONOMÍA(DO 1 AO 11 DEC)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: OS DEREITOS HUMANOS (10 DEC)
	PREAVALIACIÓN E AVALIACIÓN DE TITORÍA
	ACTIVIDADES DE NADAL

2º TRIMESTRE-CURSO: 1º E.S.O

DATA	ACTIVIDADES
	BLOQUE: APRENDER A PENSAR: ACTIVAR O MAXÍN
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: NON TODO É AMOR, MITOS
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: EDUCACIÓN PARA A PAZ (30 XAN)
	BLOQUE: APRENDER A SER: CONTRA O MALTRATO ENTRE IGUAIS
	BLOQUE: APRENDER A DECIDIR: E O CURSO QUE VEN... ?
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: DÍA DE ROSALÍA (24 FEB)
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: ACTIVIDADES DE ENTROIDO (4-5-6 MAR)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: -DÍA DA MULLER TRABALLADORA (8 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: SEMANA DA PRENSA (DO 6 AO 10 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA O CONSUMO: ADICCIÓN AS COMPRAS (15 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN SEXUAL -EN QUÉ CAMBIAMOS
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: A MIÑA DIETA (7 ABRIL)
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: CON SEIS PALABRAS- DÍA DO LIBRO (10-17 ABR)
	PREAVALIACIÓN-AVALIACIÓN DE TITORÍA-

3º TRIMESTRE CURSO: 1º E.S.O

DATA	ACTIVIDADES
	BLOQUE: APRENDER A SER: SOMOS SOLIDARIOS (24 ABR)
	BLOQUE: APRENDER A DECIDIR: COÑECENDO AS PROFESIÓN-(1 MAI)
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: DÍA DAS LETRAS GALEGAS (17 MAI)
	BLOQUE: EDUCACIÓN SEXUAL: AS MIÑAS HORMONAS- A MIÑA CONDUCTA
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: NON AO TABACO (31 MAI)
	BLOQUE: EDUCACIÓN AMBIENTAL: OS BOSQUES (5 XUN)
	BLOQUE: EDUCACIÓN VIAL: MEMOS É MAIS (10 XUN)
	CONSELLO ORIENTADOR-AVALIACIÓN DA TITORIA
	-AVALIACIÓN DE CURSO-

1º TRIMESTRE-CURSO: 2º ESO

DATA	ACTIVIDADES
	PRESENTACIÓN DO CURSO E ACOLLIDA DO ALUMNADO NA AULA
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: ACTIVIDADE DE COHE-SIÓN
	CANDIDATURAS E ELECCIÓN DE ALUMNADO DELEGADO
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: NORMAS DA AULA
	BLOQUE: APRENDER A ESTUDIAR: ESTRATEXIAS E TÉCNICAS DE ESTUDO
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: EMOCIONS-ASERIVI-DADE
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: O SAMAÍN (31 OUT)
	BLOQUE: APRENDER A SER: AUTOAFIRMACIÓN
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: O MAGOSTO (11 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: DEREITOS DA INFANCIA (20 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A SER: CONTRA O MALTRATO (25 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E ESTATUTO DE AUTONOMÍA (DO 1 AO 11 DEC)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: OS DEREITOS HUMANOS (10 DEC)
	PREAVALIACIÓN E AVALIACIÓN DE TITORÍA
	ACTIVIDADES DE NADAL

2º TRIMESTRE-CURSO: 2º E.S.O

DATA	ACTIVIDADES
	BLOQUE: APRENDER A PENSAR: ACTIVAR O MÁXIN
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: HABILIDADES SOCIAIS NON VERBAIS
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: EDUCACIÓN PARA A PAZ (30 XAN)
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: EMPATÍA
	BLOQUE: ORIENTACIÓN VOCACIONAL: PLANEANDO O MEU FUTURO
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: REPRESENTACIÓN DO PROPIO CORPO
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: DÍA DE ROSALÍA (24 FEB)
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: ACTIVIDADES DE EN-TROIDO (4-5-6 MAR)

	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: DIA DA MULLER TRABALLADORA (8 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: SEMANA DA PRENSA (DO 6 AO 10 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA O CONSUMO: ADICCIÓN AS COMPRAS (15 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: TRASTORNOS ALIMENTICIOS (7 ABR)
	PREAVALIACIÓN-AVALIACIÓN DE TITORÍA

3º TRIMESTRE-CURSO: 2º E.S.O

DATA	ACTIVIDADES
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: CON SEIS PALABRAS-DÍA DO LIBRO (10-17 ABR)
	BLOQUE: APRENDER A SER: SOMOS SOLIDARIOS (24 ABR)
	BLOQUE: APRENDER A SER: SOMOS EUROPEOS (9 MAI)
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: DÍA DAS LETRAS GALEGAS (17 MAI)
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: DIVERSIDADE CULTURAL (21 MAI)
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: NON AO ALCOHOL (31 MAI)
	BLOQUE: EDUCACIÓN AMBIENTAL: GOTA A GOTA (5 XUN)
	BLOQUE: APRENDER A SER: QUE FAGO NAS VACACIÓNS
	CONSELLO ORIENTADOR-AVALIACIÓN DA TITORIA
	AVALIACIÓN DE CURSO-

1º TRIMESTRE-CURSO: 3º ESO

DATA	ACTIVIDADES
	PRESENTACIÓN DO CURSO E ACOLLIDA DO ALUMNADO NA AULA
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: ACTIVIDADE DE COHESIÓN
	CANDIDATURAS E ELECCIÓN DE ALUMNADO DELEGADO
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: NORMAS DA AULA
	BLOQUE: APRENDER A ESTUDIAR: ESTRATEXIAS E TÉCNICAS DE ESTUDO
	BLOQUE: APRENDER A SER: MELLORAR A AUTOESTIMA
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: O SAMAÍN (31 OUT)
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: O MAGOSTO (11 NOV)

	BLOQUE: A`RENDER A CONVIVIR: DEREITOS DA INFANCIA (20 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A SER: CONTRA O MALTRATO (25 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E ESTATUTO DE AUTONOMÍA(DO 1 AO 11 DEC)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: OS DEREITOS HUMANOS (10 DEC)
	PREAVALIACIÓN E AVALIACIÓN DE TITORÍA
	ACTIVIDADES DE NADAL

2º TRIMESTRE-CURSO: 3º E.S.O

DATA	ACTIVIDADES
	BLOQUE:APRENDER A PENSAR: ACTIVAR O MAXÍN
	BLOQUE: EDUCACIÓN SEXUAL: FALEMOS CON PROPIEDADE
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: EDUCACIÓN PARA A PAZ (30 XAN)
	BLOQUE: APRENDER A DECIDIRSE: INVENTARIO DE INTERESES PROFESIONAIS E OCUPACIONAIS (CASM)
	BLOQUE: APRENDER A DECIDIRSE: CARA ONDE QUERO IR..?
	BLOQUE: EDUCACIÓN SEXUAL: A SEXUALIDADE TAMÉN TEN SAÚDE
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: DÍA DE ROSALÍA (23 FEB)
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: ACTIVIDADES DE ENTROIDO (4-5-6 MAR)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: DIA DA MULLER TRABALLADORA (8 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: SEMANA DA PRENSA (DO 6 AO 10 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA O CONSUMO: ABUSO DE INTERNET (15 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: CONTRA A ADICCIÓN AS DROGAS
	PREAVALIACIÓN-AVALIACIÓN DE TITORÍA

3º TRIMESTRE-CURSO: 3º E.S.O

DATA	ACTIVIDADES
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA:A VIDA, PURO TEATRO- DÍA DO LIBRO (10-17 ABR)
	BLOQUE: APRENDER A SER: SOMOS SOLIDARIOS (24 ABR)
	BLOQUE: APRENDER A SER: SOMOS EUROPEOS (9 MAI)

	BLOQUE: DÍA DAS LETRAS GALEGAS (17 MAI)
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: QUEN O FAI? EL OU ELA
	BLOQUE: APRENDER A DECIDIRSE: BUSCO TRABALLO
	BLOQUE: EDUCACIÓN AMBIENTAL: A NOSA CASA A TERRA (5 XUN)
	BLOQUE: EDUCACIÓN VIAL: REDUCIR OS ACCIDENTES DE TRAFICO (10 XUN)
	CONSELLO ORIENTADOR-AVALIACIÓN DA TITORIA
	AVALIACIÓN DE CURSO

1º TRIMESTRE-CURSO: 4º ESO

DATA	ACTIVIDADES
	PRESENTACIÓN DO CURSO E ACOLLIDA DO ALUMNADO NA AULA
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: ACTIVIDADE DE COHESIÓN
	CANDIDATURAS E ELECCIÓN DE ALUMNADO DELEGADO
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: NORMAS DA AULA
	BLOQUE: APRENDER A ESTUDIAR: ESTRATEXIAS E TÉCNICAS DE ESTUDO
	BLOQUE: APRENDER A SER: AUTOAFIRMACIÓN
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: O SAMAÍN (31 OUT)
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: AMIZADE E LIDERAZGO -CONFIANZA -COOPERACIÓN
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: O MAGOSTO (11 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: DEREITOS DA INFANCIA (20 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A SER: CONTRA O MALTRATO (25 NOV)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA E ESTATUTO DE AUTONOMÍA (DO 1 AO 11 DEC)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: OS DEREITOS HUMANOS (10 DEC)
	PREAVALIACIÓN E AVALIACIÓN DE TITORÍA
	ACTIVIDADES DE NADAL

2º TRIMESTRE-CURSO: 4º E.S.O

DATA	ACTIVIDADES
	BLOQUE: EDUCACIÓN SEXUAL: CONDUCTA SEXUAL-O MODELO SEXUAL

	BLOQUE: APRENDER A SER: ACEPTACIÓN DOS PROPIOS SENTIMENTOS
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: EDUCACIÓN PARA A PAZ (30 XAN)
	BLOQUE: APRENDER A DECIDIRSE: E DESPOIS DA E.S.O QUE?
	BLOQUE: APRENDER A DECIDIRSE: TRANSICIÓN A VIDA ACTIVA
	BLOQUE: APRENDER A DECIDIRSE: TRANSICIÓN A VIDA ACTIVA
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: DÍA DE ROSALÍA (24 FEB)
	BLOQUE: APRENDER A RELACIONARSE: ACTIVIDADES DE ENTROIDO (4-5-6 MAR)
	BLOQUE: APRENDER A CONVIVIR: DIA DA MULLER TRABALLADORA (8 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA: SEMANA DA PRENSA (DO 6 AO 10 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA O CONSUMO: CONSUMO RESPONSABLE (15 MAR)
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: CONTRA A ADICCIÓN AS DROGAS
	PREAVALIACIÓN-AVALIACIÓN DE TITORÍA

3º TRIMESTRE-CURSO: 4º E.S.O

DATA	ACTIVIDADES
	BLOQUE: EDUCACIÓN LITERARIA:-A VIDA, PURO TEATRO- DÍA DO LIBRO (10-17 ABR)
	BLOQUE: APRENDER A SER: SOMOS SOLIDARIOS (24 ABR)
	BLOQUE: APRENDER A SER: SOMOS SOLIDARIOS-(24 ABR)
	BLOQUE: APRENDER A SER:-SOMOS EUROPEOS-(9 MAI)
	BLOQUE: DÍA DAS LETRAS GALEGAS-(17 MAI)
	BLOQUE: EDUCACIÓN SEXUAL: DEREITOS SEXUAIS- DÍA CONTRA A HOMOFobia E A TRANFobia (17 MAI)
	BLOQUE: EDUCACIÓN AMBIENTAL: A NOSA CASA A TERRA (5 XUN)
	BLOQUE: EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: DOAZÓN DE ÓRGANOS (1º MER XUN)
	CONSELLO ORIENTADOR-AVALIACIÓN DA TITORIA
	AVALIACIÓN DE CURSO

Esta distribución pretende ser orientativa, o profesorado titor levará a cabo as actividades no orde que considere mais axeitado para o seu grupo.

• BACHARELATO

Tendo en conta que nas ensinanzas de bacharelato non existe unha sesión de tutoría como tal no horario, as actuacións que se leven a cabo serán puntuais e moi enfocadas a realización de estudos posteriores:

Así mesmo, o alumnado recibirá un trato individualizado, sempre que o precisen, para facilitarlle a toma de decisións.

1º BACHARELATO

<u>1º TRIMESTRE</u>	<u>2º TRIMESTRE</u>	<u>3º TRIMESTRE</u>
-Presentación. -Normas de aula. -Elección de delegado/a. -Análise da 1ª avaliación.	-Autoavaliación de capacidades. -Toma de decisións -Avaliación de titorías -Análise da 2ª avaliación	-Autoavaliación de capacidades. -Toma de decisións -Avaliación de titorías -Análise da 3ª avaliación

2º BACHARELATO

<u>1º TRIMESTRE</u>	<u>2º TRIMESTRE</u>	<u>3º TRIMESTRE</u>
-Presentación. -Normas de aula. -Elección de delegado/a. -Análise da 1ª avaliación.	-Autoavaliación de capacidades. -Toma de decisións -Avaliación de titorías -Análise da 2ª avaliación	-Autoavaliación de capacidades. -Toma de decisións -Avaliación de titorías -Análise da 3ª avaliación

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (P.O.A.P)

ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA- E.S.O

O que se pretende é favorecer a toma de decisións do alumnado nos itinerarios académicos, profesionais, e laborais que máis se adapten os seus intereses.

- Exposición e entrega de documentación sobre o curso e a etapa na que están, estudos posteriores, e opcións laborais.
- Actividades varias dentro da aula.

CURSO TRIMESTRE	1º CURSO	2º CURSO	3º CURSO	4º CURSO
1º TRIMESTRE				

2º TRIMESTRE	E O CURSO QUE VEN..?	PLÁNEAN-DO O MEU FUTURO	INVENTARIO DE INTERESES PROFESIONAIS E OCUPACIONAIS CASM	CUESTIONARIO DE PREFERENCIA VOCACIONAIS PPM-B-FP
			CARA ONDE QUERO IR...?	E DESPOIS DA E.S.O QUE?
				TRANSICIÓN A VIDA ACTIVA (PAT)
				CHARLAS DE CENTROS CON ENSEÑANZAS DE F.P
3º TRIMESTRE	COÑECENDO AS PROFESIÓNIS (PAT)	CONSELLO ORIENTADOR	CONSELLO ORIENTADOR	CONSELLO ORIENTADOR
	CONSELLO ORIENTADOR			
TODO CURSO	O	-ASESORAMENTO INDIVIDUALIZADO A FAMILIAS E ALUMNADO		

• **BACHARELATO**

CURSO TRIMESTRE	1º BACHARELATO	2º BACHARELATO
1º TRIMESTRE	CUESTIONARIO PREFERENCIAS ACADÉMICAS PROFESIONAIS	
2º TRIMESTRE	CHARLAS F.P.- OPOSICIÓNIS- ESTUDOS UNIVERSITARIOS	
3º TRIMESTRE		CHARLA PROBA DE ACCESO A UNIVERSIDADE: P.-A.A.U

TODO O CURSO	ASESORAMENTO INDIVIDUALIZADO A FAMILIAS E ALUMNADO
---------------------	---

2º TRIMESTRE:

-Participación nas charlas nos diferentes centros educativos da zona, para dar a coñecer a nosa oferta de estudos, medidas de atención a diversidade, e outros datos de interese.

3º TRIMESTRE:

-Participación nas visitas do alumnado procedente da Ed. Primaria que vai cursar 1º E.S.O no noso centro.

-Participación na visita das familias do alumnado procedente da Ed. Primaria que vai cursar 1º E.S.O no noso centro.

• PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE (P.A.D)

Son as medidas de actuación que se levan para dar respostas educativas a diversidade de poboación escolar. Actualización do Plan e proposta à CCP durante este curso 2021/22.

Estas medidas de atención a diversidade, deben ser realizadas no ámbito da actuación pedagóxica que configuran a maneira habitual de actuar dos equipos docentes do centro nas respectivas aulas. Non obstante, nalgúns casos, as necesidades educativas dalgúns alumnos/as requiren a adopción dunha serie de medidas de carácter pedagóxico, curricular e organizativo. Neste senso, o Departamento de Orientación propón, ademais das actividades incluídas no P.A.T (Planificación de Estudio, Estratexias e técnicas de Estudio...).

No noso centro aplicaranse durante o curso 2019-2020 as seguintes MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

MEDIDA		CURSO		
		1º E.S.O	2º E.S.O	3º E.S.O
○ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS	-Agrupamentos de aula -Aprendizaxe cooperativa -Posta en común ...	X	X	X
○ADAPTACIÓN DE ACCESO AO CURRÍCULO	-Recursos: -Espaciais -Materiais -Persoais	X	X	X

○ TITORÍA	-Hora semanal -Transversal -Valores -Actitudes -Destrezas	X	X	X
○ OPTATIVIDADE	-Materias de Libre Configuración -Itinerarios -Relixión Cat / Val.Et.	X	X	X
○ REFORZO	-Dentro da Aula -Fora da aula -Ref. Profesorado pendentas	X	X	
○ DESDOBRE GRUPO	-Distintas materias			
○ AGRUPAMENTO ESPECÍFICO (4º ESO)	-Materias fundamentais, e de peso curricular			
○ APOIO EDUCATIVO -APOIO MATERIAS -A.C.Is	-Atención especializada: P.T -Outros	X	X	X
○ REPETICIÓN DE CURSO	-Plan específico de reforzo ou recuperación	X	X	X
○ PROGRAMA DE REFORZO	-Exención 2ª L. Estranxeira -Mat-L.Cast-LGal -Profesorado materias	X	X	
○ PROGRAMA DE RECUPERACIÓN	-Exención 2ª L. Estranxeira -Materias que non sexan Mat-L.Cast-LGal (2º-3º-4º) -Profesorado materias	X	X	X

<p>○PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E RENDEMENTO (PMAR)</p>	<p>-Agrupamento de materias en ámbitos (2º.3º) -Ensinanzas aplicadas -Orientado á F.P</p>		X (novidade curso 21/22)	X
<p>AGRUPAMENTO ESPECÍFICO</p>	<p>-Agrupamento de materias en ámbitos (2º.3º) -Ensinanzas aplicadas -Orientado á F.P</p>			
<p>○FORMACIÓN PROFESIONAL</p> <p>BÁSICA (F.P.Básica)</p>	<p>-Escolaridade desaxustada</p> <p>-Aprendizaxe Profesional -Reintegración Educativa</p>			
<p>○PROGRAMAS FORMATIVOS</p>	<p>-Aprendizaxe de Comp. profesionais. -Centros Ed. Especial -Duración de un curso</p>			
<p>○APOIO ESPECÍFICO</p>	<p>-Aula específica</p>			
<p>○ESCOLARIZACIÓN COMBINADA</p>	<p>-Centro ordinario / -Centro específico</p>			
<p>○FLEXIBILIZACIÓN ESCOLAR</p>	<p>-Aumento das repeticións -Fragmentación de cursos. -Ampliación idade na escolarización.. -Enriquecemento -Ampliación</p>	X		

	-Aceleración			
○ OUTRAS: -CONTRATOS PROGRAMA		X Pendente de convo catoria	X Pende nte de convo catoria	X Pendente de convo catoria
PROGRAMA DE ENRI- QUECEMENTO CURRI- CULAR PERSONALIZA- DO	Plan específico de reforzo para alumnado de altas capacidades	X	X	X

CONCLUSIÓN

Dende o Dpto. de Orientación téntase axustar a resposta psicopedagóxica ás necesidades atopadas neste centro e contexto concretos. A finalidade é a posta en marcha de solucións significativas tendo sempre en conta ós/ás destinatari@s das mesmas. O asesoramento colaborativo xirará arredor da aprendizaxe para a vida persoal e social, co enfoque práctico baseado na prevención, desenvolvemento e intervención social.

Ourense, a 15 de setembro de 2021.
Dpto. de Orientación.
IES O Couto.

PROGRAMACIÓN PROFESORADO PT

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON ALUMNOS DE ALTAS CAPACIDADES NO IES “O COUTO” CURSO 2021-22

Pablo Rodríguez Nóvoa
Mestre Pedagogía Terapéutica

Índice

Índice 1

Introducción 2

Liñas xerais de actuación 3

Proposta metodolóxica 4

Obxectivos: 4

Proposta de actividades 5

Recursos 5

Recursos Materiais: 6

Recursos humanos: 6

Avaliación 6

Anexos 8

Anexo 1: 8

Distribución horaria PT ** 8

Introducción

O presente documento presentase como base para o proxecto de traballo para na atención educativa do alumnado con Altas Capacidades (AACC), no IES O Couto.

Este centro conta este ano con 18 alumnos diagnosticados, a comezo do curso escolar, con Altas Capacidades. Este alumnado está integrado no centro ao longo das etapas de ESO e Bacharelato.

As AACC requiren una atención específica en relación ao enriquecemento e ampliación do curriculum ordinario. Con este fin desenvólvese este proxecto.

Destacar que a finalidade de este proxecto é mellorar a resposta educativa. Dando pulo a novos modelos de organización e funcionamento do centro, de xeito que favorezan a devandita ampliación e enriquecemento do alumnado, para mellorar as expectativas escolares do mesmo . Ao tempo que se espera consolidar o traballo feito con anterioridade.

É convinte entender este proxecto dende a globalidade do traballo na atención a diversidade, que está realizar o Departamento de Orientación.

Liñas xerais de actuación

A atención ás demandas deste tipo de alumnado. Fai plantexar uns obxectivos básicos que centren a accións que se se propoñen para este alumnado.

- Desenvolver unha imaxe positiva de “si mesmo”, no alumnado.
- Favorecer as actividades de indagación e investigación
- Potenciar a iniciativa, o compromiso e a responsabilidade
- Animar ao grupo a traballar de xeito eficaz e competente
- Activar no alumnado habilidades de codificación selectiva necesarias para relacionar os novos coñecementos coa información previamente almacenada.
- Potenciar habilidades relacionadas coa produción diverxente.
- Facilitar habilidades para saber organizar e presentar os logros das actividades con diferentes estilos e formatos.

Para acadar estes obxectos traballaranse certos aspectos básicos na procesamento e manexo da información e das habilidades.

- Conciencia metacognitiva.
- Habilidades de control.
- Toma de decisións.
- Pensamento crítico (modelos de razonamento).
- Técnicas de pensamento diverxente.
- Inteligencia práctica
- Técnicas de desenvolvemento de proxectos (Desing Thinking).

É preciso que o alumnado en xeral e en concreto o de AACC deben de insistir no autoconhecimento, aprendendo a personalizar as súas experiencias escolares a partir dos seus propios intereses e mais as súas particulares formas de aprender.

Estes e outros aspectos traballaranse dende a óptica das actuais teorías sobre intelixencias múltiples tanto dende o paradigma de R. Sternberg como de H. Gardner. Así como de pensamento productivo Treffinger, Feldhusen y Isaksen (1990).

A transversalidade neste proxecto esixe un alto nivel de coordinación e de compromiso por parte do profesorado involucrado.

Proposta metodolóxica

En este curso académico a proposta de actuación con este tipo de alumnado basease no principio de traballo por proxectos.

Esta metodoloxía ten base constructivista, na que se intenta implicar ao alumnado nun traballo específico focalizando a este na xestión e desenvolvemento do mesmo. Fomentando o emprego de estratexias cognitivas que faciliten a aplicación do mesmo.

O traballo por proxectos constitúe neste alumnado un elemento motivador de gran importancia. Sendo esta un dos principais motivos do emprego de esta metodoloxía.

Estes proxectos desenvólense en colaboración co profesorado de cada materia.

Ao mesmo tempo teñen que cumprir cos principios de horizontalidade curricular (o cal significa non dar contidos de niveis superiores), participación grupal (para favorecer a integración do alumnado), desenvolvemento de habilidades relacionadas coa creatividade, e autoregulación da aprendizaxe.

Por outra banda han de se equilibrar as necesidades curriculares cos gustos ou preferencias do alumnado, e que fomenten a autonomía.

Obxectivos:

Os obxectivos concretos para este curso son:

En xeral para todo alumnado :

Cofecemento e emprego do método científico. Isto quere dicir que se aplicará este método na entrega e exposición dos traballos seguindo criterios propios das publicacións científicas (anexo).

Apreciar e valorar o traballo por proxectos como medio de consecución de metas persoais e colectivas.

Desenvolvemento da conciencia creativa. Mostrar e ensinar métodos e estratexias relacionadas cos procesos creativos. Tanto nos ámbitos científicos como nos de creación artística.

Proposta de actividades

As actividades que se propoñen para a consecución de estes obxectivos deben de estar ligadas aos obxectivos xerais establecidos nas liñas de actuación. A planificación por proxectos permite traballar tanto, de xeito independente coma interdisciplinarmente. Mostrándose así axeitado para a dinámica do centro.

Os proxectos realizaranse en estreita colaboración co profesor de área. e deberá constar de obxectivos específicos, e actividades con temporalización o mais precisa posible, axustando as actividades a disponibilidad horaria. Hai que ter en conta que non é desexable sobrecargar de tarefas domésticas ao alumnado.

Traballo por proxectos de enriquecemento

Estes proxectos consisten en desenvolver pequenos proxectos de carácter individual e outro en colaboración entre o alumnado.

A transversalidade e horizontalidade tanto das temáticas como das dinámicas, fan destes proxectos unha metodoloxía apropiada ao entorno do IES. Xa que plantexan tarefas nas que o alumnado debe facer uso das estratexias propias de diferentes campos de coñecementos par poder realizalo.

A multidisciplinaridade e a ampliación horizontal de curriculum ven acompañada de un proceso de reflexión e formación na resolución e planificación de proxectos, neste campo sulñamos o emprego de métodos relacionados co desing thinking, e outras actividades que potencian a creatividade e avión holística das tarefas.

Recursos

Recursos Materiais:

Os principais recursos dos que se dispoñen son dos materiais escolares e puntualmente de material de papelería, ofimático.

Estase a agardar pola concesión de diversos proxectos de innovación educativa para adquirir materiais específicos, que faciliten o desenvolvemento de actividades concretas.

Recursos humanos:

O traballo é coordinado polo PT asignado pola administración, en estreita colaboración coa Orientadora e mais o Profesor da materia.

Extraordinariamente poden participar outros membros da comunidade educativa así como, expertos no ámbito a traballar.

Avaliación

O alumnado será avaliado polos seus profesores de área no referente a o progreso académico.

En tanto que as actividades serán avaliadas polo profesorado que interveña en ela nun formulario online feito a medida con criterios claros

- Adecuación das actividades ao alumnado (Likert 1-5)
- Adecuación das actividades a materia (Likert 1-5)
- Valoración do resultado das actividades (Likert 1-5)
- Valoración sobre o desenvolvemento das actividades (Likert 1-5)
- Propostas de mellora (resposta aberta)
- Valoración global (Likert 1-5)

A avaliación do proxecto faráse mediante un reporte das actividades onde se faga referencia as avaliacións de cada unha, así como un informe sobre o desenvolvemento do programa en xeral en base a consecución dos obxectivos plantexados e plantexamento de novas propostas.

O alumnado poderá valorar o proxecto á finalización do mesmo cun cuestionario similar ó do profesorado.

Avaliación mediante indicadores para valorar a consecución de obxectivos, así como o impacto no centro do proxecto.

Baseada nos seguintes indicadores:

- Adecuación das actividades ao alumnado (Likert 1-5)

- Adecuación das actividades a materia (Likert 1-5)
- Valoración do resultado das actividades (Likert 1-5)
- Valoración sobre o desenvolvemento das actividades (Likert 1-5)
- Os contidos están secuenciados atendendo a un nivel de dificultade apropiado a la idade e a capacidade do alumnado, establecendo distintos graos de dificultade (iniciación , profundización, consolidación). (Likert 1-5)
- Os contidos procedimentais están explícitamente reflexados. Exemplos: producir textos escritos, exponer oralmente un tema aplicar método científico... (Likert 1-5)
- Participan outros membros da comunidade no desenvolvemento dos temas transversais (institucións educativas, asociacións..) tanto na posta en práctica como no deseño de actividades.(Likert 1-5)
- Teñense en conta o desenvolvemento do conxunto de capacidades: equilibrio personal e afectivo; de inserción, actuación e relación social; cognitivo e intelectual; corporal e saúde, así como referentes ao desenvolvemento ético-moral. (Likert 1-5)
- Existe un equilibrio entre os diferentes tipos de contidos priorizando os procedimentais e actitudinais. (Likert 1-5)
- Incremento de mozas nos proxectos voluntarios relacionados coa investigación científica e STEM. (Likert 1-5)
- Adquisición de ferramentas que permitan ou faciliten o pensamento diverxente e a creatividade. (Likert 1-5)
- Adquisición habilidades para saber organizar e presentar os logros das actividades con diferentes estilos e formatos.(Likert 1-5)
- Inclusión dentro dos obradoiros de actividades es que potencien Conciencia metacognitiva e mais as habilidades de control.(Likert 1-5)
- Mellora da habilidades relacionadas coa toma de decisións.(Likert 1-5)
- Inclusión de activides específicas para mellorar o pensamento crítico (modelos de razonamento).(Likert 1-5)

HORARIO POR DETERMINAR

Atención ó alumnado diagnosticado con Alta Capacidade

Atención puntual a alumno con diagnóstico de TEA.

PROGRAMACIÓN DE PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA
ALUMNADO DIFICULTADES DE APRENDIZAJE

MESTRES:
MARÍA DOLORES QUINTAS SUÁREZ
XOSÉ MANUEL SOUTO AMADO

INTRODUCCIÓN

A diversidade recóllese no Decreto 229/2011 e defínese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Para lograr atender a diversidade, o centro debe ter en conta os seguintes aspectos:

1. Características individuais de cada alumno/a.
2. Ofrecer una metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado, respectando a súa diversidade.
3. Partir dunha avaliación inicial que permita detectar as necesidades do alumnado para poder ofrecerlles unha resposta educativa o mais axustada posible.

As nosas funcións como Mestres de Pedagogía Terapéutica recóllense no artigo 84 do Decreto 374/1996 polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación primaria e no artigo 7 da Orde do 24 de xullo de 1998 na que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional.

Entre as funcións é importante destacar:

- Prestarlle atención docente directa ó alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, se é o caso e daqueloutras dirixidas a atención a diversidade do alumno.

VINCULACIÓN DA PROGRAMACIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

A Orde ECD 65/2015 do 21 de xaneiro define as competencias clave como "aquelas que todas as persoas precisan para súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego".

As competencias deben estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares, e nelas definirse e desenvolverse suficientemente os resultados da aprendizaxe que o alumnado debe alcanzar.

Comunicación lingüística (CCL): a competencia en comunicación lingüística refírese a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e as condutas.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía (CMCT): a competencia matemática require de coñecementos sobre os números, medidas, estruturas, así como das operacións e representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos (operación, números, medidas, cantidades, espazos, formas, datos...
A competencia en ciencia e tecnoloxía proporciona un acercamento ao mundo físico e a interacción responsable con el dende as acción orientadas a conservación e mellora do medio natural.

Competencia dixital (CD): é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a aprendizaxe, uso do tempo libre, inclusión e participación na sociedade.

Aprender a aprender (CAA): esta competencia supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo os propios obxectivos e necesidades.

Competencias sociais e cívicas (CSC): implican a habilidade e a capacidade para empregar os coñecementos e actividades sobre a sociedade entendida dende as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIES): implica a capacidade de transformar as ideas en coñecementos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervenir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actividades necesarias con criterio propio.

Conciencia e expresións culturais (CEC): implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A identificación das necesidades educativas pode ser entendida como o primeiro paso para a determinación de axudas que estes alumnos/as poidan necesitar ao longo da súa escolarización.

Na aula de Pedagogía Terapéutica durante o curso escolar 2021/22 aténdese a alumnado pertencente a 1º, 2º. Fundamentalmente son alumnos/as con dificultades na linguaxe oral, comprensión lectora e lectoescritura, razoamento matemático, cálculo... algúns veñen a reforzo e outros teñen adaptacións curriculares. NESTE MOMENTO SON 23 ALUMN@S, pendente de realizar a avaliación inicial do curso 21/22 nas datas 13 e 14 de outubro de 2021.

O alumnado novo ven dos CEIPs O Couto, Manuel Luís Acuña, Saco e Arce e Vistahermosa.

O obxectivo principal da intervención será detectar, previr e intervenir en todas as necesidades detectadas no centro.

DISTRIBUCIÓN SEMANAL DO TRABALLO NA AULA E ORGANIZACIÓN DO ESPACIO.

No centro estamos dous mestres de PT para alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Os dous PT dedicámonos á atención das diversas *neae* que hai no centro ou que poidan xurdir ao longo do presente curso incidindo sobre todo na área de matemáticas lingua castelá e lingua galega.

Engadimos que todos estes alumnos foron remitidos polo Departamento de Orientación do centro tendo en conta as **necesidades específicas de apoio**

educativas do curso anterior e previa Avaliación Psicopedagóxica dos alumnos con A.C.

A distribución horaria é flexible, podéndose modificar segundo se vaian detectando dificultades en novos alumnos, vaian superando as necesidades educativas actuais ou haxa reaxustes dos propios alumnos en función da avaliación continua.

A proposta horaria de agrupamentos de alumnos que traballamos será de xeito tanto individual coma colectivo, tendo en conta criterios de carácter pedagóxico e didáctico, atendendo tanto ás necesidades dos alumnos coma ás características organizativas do propio centro.

5. OBXECTIVOS

A Programación e atención aos alumnos con neae rexeráse polos principios de *normalización* e *inclusión* e polo tanto, tomarase como referencia a aula ordinaria onde o traballo dos profesores-titores, profesores de área e mestres de apoio, se coordinen en relación aos grupos e aos alumnos.

Tendo en conta o anteriormente dito, plantexámonos uns obxectivos a catro niveis:

§ Obxectivos a nivel de contexto:

- Empregar, coordinar e implicar a todos os recursos existentes do contexto. (EOE, CFR, CEE...)
- Colaboración por parte dos axentes sociais, das institucións públicas e privadas.
- Necesidade de implicar activamente ás familias nas actividades que dende o centro se ofertan.

§ Obxectivos a nivel de centro:

- Incidir na importancia que ten a detección precoz e Atención Temprá para os alumnos con neae.
- Revisión e implantación nos diferentes documentos do centro no relativo á atención á diversidade.
- Colaborar cos profesores e titores de área, tanto na elaboración das Programacións coma na pesquida de recursos.
- Potenciar a adecuación de recursos e materiais para a atención de acneae.
- Promover experiencias innovadoras, de investigación e formación para o profesorado no proceso de E-A con respecto á Atención á Diversidade.
- Fomentar a coordinación horizontal e vertical, así como o asesoramento e información, tanto entre os recursos internos (persoal docente e non docente) coma dos recursos externos.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación, adaptadas ás capacidades de cada alumno.

§ Obxectivos a nivel de familia:

- Fomentar a participación das familias implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.
- Asesoramento ás familias en todo o relativo ás neae que poidan presentar

os seus fillos así como tamén a toda a comunidade educativa.

- Traballar no cambio de actitudes de cara ás expectativas socio-persoais dos acneae.
- Dinamizar canles de comunicación entre a familia e a escola.

§ Obxectivos a nivel de alumnado:

- Detectar de forma precoz calquera tipo de dificultade para darlle solución.
 - Acadar unha madurez persoal, social e intelectual axeitada.
 - Elaborar materiais curriculares e didácticos que lle faciliten aos acneae acceder ao currículo de maneira o máis normalizada posible.
 - Aumentar o gusto e o interese dos alumnos polas tarefas escolares que se lles propoñen.
 - Manter unha resposta coherente e coordinada dende toda a comunidade educativa.

ANÁLISE DA SITUACIÓN : ALUMNADO E ÁREAS DE INTERVENCIÓN.

O marco no que se sitúan as actuacións deben ser os obxectivos da Etapa de Secundaria , pero sen esquecer tamén os obxectivos tanto xerais como específicos da Etapa anterior : da Educación Primaria (para alumnos con A.C. do terceiro ciclo de E.P. e de segundo ciclo de EP)

Temos alumnos a principio de curso 13 alumnos de 1º, de 2º e de 3º de ESO con adaptación curricular, nas áreas de matemáticas e lingua castelá e galega. Máis adiante, na avaliación inicial detectáranse por parte dos mestres de área mais alumnos que necesitan axuda, e polo tanto non se sabe con exactitude cantos alumnos acudirán a aula de pedagogía terapéutica.

Estes alumnos con ACI acudirán a aula de PT nas horas de matemáticas, lingua castelá e galega, todas as horas menos unha que permanecerán na aula ordinaria e traballarán os contidos da súa ACI. A maioría deles están exentos do segundo idioma e nesas horas tamén irán a PT. Haberá unha coordinación constante cos respectivos profesores de área. Así as áreas de intervención por obxectivos, contidos e criterios de avaliación quedarían así:

LINGUA CASTELÁ E GALEGA

Obxectivos

Reflexión sobre a lingua

- * Ampliar o vocabulario básico.
- * Coñecer os principais fenómenos léxicos e semánticos.
- * Recoñecer as unidades básicas da lingua e as principais clases de Palabras.
- * Coñecer a conxugación dos verbos regulares.

- * Coñecer e aplicar as principais normas ortográficas e de acentuación.
- * Coñecer e respectar a diversidade lingüística e cultural de España e Galicia.

Falar

- * Producir mensaxes orais de forma organizada, adaptándoos as diferentes situacións comunicativas evitando os usos lingüísticos discriminatorios.
- * Aceptar as normas básicas da comunicación oral e respectar as opinións alleas.
- * Expresar de forma razoada as propias ideas e opinións.

Escoitar

- * Comprender textos orais interpretando os seus principais elementos estruturais e contido.

Ler

- * Profundizar na habilidade lectora, evitando titubeos, repeticións e saltos que dificultan a comprensión das ideas do texto.
- * Aplicar estratexias de lectura adecuadas ós diferentes tipos de textos.
- * Recoñecer os elementos estruturais básicos de textos de distintos tipos.
- * Leer e interpretar textos literarios adecuados a súa idade.
- * Coñecer e empregar diferentes recursos e fontes de información.

Escribir

- * Producir textos escritos con diferentes finalidades, atendendo a súa estrutura.
- * Empregar a linguaxe escrita na organización da propia actividade.
- * Organizar graficamente a información relevante de textos informativos.
- * Preocuparse por escribir con precisión, claridade, corrección, orde e limpeza.
- * Crear mensaxes con elementos non verbais.

Contidos

A linguaxe e as linguas. Diversidade lingüística.

As sílabas e as súas clases. Diptongo, triptongo, hiato.

O acento.

O sustantivo e as súas clases.

O adxectivo.

Os pronomes persoais.

O artigo.

Os demostrativos.

Os posesivos.

Os numerais.

Os indefinidos.

O verbo:

- Número, persoa, tempo e modo.

- A conxugación.

-O grupo nominal.

-Principais mecanismos léxicos e relacións semánticas:

- Sufixos e prefixos.
- Palabras compostas e derivadas. Familia de palabras.
- Campo semántico e campo léxico.
- Siglas, estranxeirismos, tecnicismos,...
- Grafías que plantexan dificultades (b, v, j, y, ce, h, x, ll).
- Grafías no final de palabra (z, d).
- Regras de acentuación: o tilde nas palabras agudas, llanas e esdrúxulas; a tilde nos diptongos, hiatos e monosílabos.
- Signos de puntuación: o punto, a coma, o punto e coma, os dous puntos, os puntos suspensivos, a raia e o paréntese.

Criterios de Avaliación

- Participar de forma construtiva en situacións de comunicación relacionadas coa actividade escolar, respectando as normas que fan posible o intercambio nestas situacións.
- Producir textos orais nos que se presenten de forma organizada feitos, ideas ou vivencias e se empreguen adecuadamente as formas da lingua oral.
- Captar o sentido global nos textos escritos de uso habitual, resumir as ideas principais e as relacións que se establecen entre elas, e analizar aspectos sinxelos propios dos diferentes tipos de texto.
- Empregar estratexias que faciliten a comprensión textual e permitan resolver as dúbidas que se plantexen durante o proceso de lectura.
- Ler textos de diverso tipo con fluidez, empregando a pronunciación, a entoación e o ritmo adecuados ó seu contido.
- Manifestar preferencias na selección de lecturas e expresar as propias opinións e gustos persoais sobre os textos lidos.
- Localizar e empregar diferentes recursos e fontes de información de uso habitual na actividade escolar (biblioteca, folletos, libros de consulta, medios de comunicación) para satisfacer necesidades concretas de información e aprendizaxe.
- Empregar producións escritas propias e alleas para organizar e levar a cabo tarefas concretas individuais ou colectivas.
- Identificar en textos orais e escritos de uso habitual as distintas linguas de España e diversas manifestacións da propia.

MATEMÁTICAS

Obxectivos

- * Coñecer e comparar números naturais do orde dos millóns, empregar números romanos e comparar fraccións e decimais.
- * Coñecer os números enteiros e a súa aplicación para representar situacións da vida diaria.
- * Ler e escribir fraccións e números decimais e pasar de fraccións decimais a números decimais e viceversa.
- * Coñecer as operacións con números naturais e resolver expresións con operacións combinadas con paréntese e sen eles.
- * Recoñecer os múltiplos e os divisores dun número natural, empregar as potencias de base 10 na escritura de números.
- * Calcular sumas e restas de fraccións e realizar operacións con números decimais.

- * Representar graficamente números, establecer equivalencias numéricas e escribir series ordenadas de números.
- * Recoñecer situacións de suma, resta, multiplicación e división, as relaciones entre elas, facer estimacións e comprobar resultados coa calculadora.
- * Recoñecer e empregar as unidades de lonxitude, capacidade, masa, superficie e as relacións entre elas.
- * Identificar, describir e trazar liñas, ángulos, formas e corpos xeométricos, as súas posicións e simetrías.
- * Clasificar formas e corpos xeométricos e calcular perímetros e áreas de triángulos e paralelogramos.
- * Calcular a media a moda dun conxunto de datos, calcular porcentaxes e aplicar estes cálculos na resolución de problemas.
- * Recoller, rexistrar, organizar e clasificar datos numéricos para representalos Graficamente ou para resolver problemas.
- * Facer estimacións de medidas das distintas magnitudes e medir empregando as unidades e instrumentos máis adecuados.
- * Interpretar pictogramas, gráficos de barras, gráficos de puntos, gráficos lineais e gráficos de sectores.
- * Representar datos en todos os tipos de gráficos estudiados, excepto en gráficos de sectores.
- * Interpretar e representar itinerarios, planos, mapas, etc., de espazos e obxectos empregando escalas ou coordenadas ou sen elas.
- * Presentar de forma clara, limpa e ordenada os cálculos e o trazado de figuras xeométricas.
- * Sentir curiosidade e interese por coñecer as relacións numéricas e xeométricas.
- * Valorar a utilidade dos números, da medida e do diñeiro na vida diaria.
- * Mostrar interese polas situacións lúdicas das matemáticas e respecto e colaboración cos demais nas actividades colectivas.

Contidos

NÚMEROS E OPERACIÓNS

Conceptos

Sistema de numeración decimal.
 Números romanos.
 Multiplicación e división.
 Frases e expresións numéricas
 Potencias e raíz cadrada.
 Múltiplos e divisores.
 Números primos e compostos.
 Fraccións.
 Números decimais.
 Porcentaxes
 Números enteiros.

FORMAS XEOMÉTRICAS E SITUACIÓN NO ESPACIO.

Conceptos

Rectas e ángulos:

- Semirecta e segmento. Mediatriz dun segmento.
- Rectas paralelas y perpendiculares.
- Ángulos: tipos; bisectriz; unidades de medida.
- Figuras planas:
 - Polígonos regulares e irregulares.
 - Perímetro dun polígono.
 - Clasificación triángulos e cuadriláteros..
 - Simetría e traslación.
 - Circunferencia, círculo e figuras circulares.
 - Corpos xeométricos:
 - Prismas e pirámides: elementos e desenrrolo.
 - Corpos redondos: elementos e desenrrolo.
 - Corpos xeométricos vistos dende arriba e de fronte.

A MEDIDA.

Conceptos:

Unidades de lonxitude, capacidade e masa:

- Múltiplos e submúltiplos do metro, do litro e do gramo.
- Relacións.
- Unidades de medida do tempo:

Segundo, minuto, día, semana, mes, trimestre, semestre, ano, década, século, milenio.

Relacións.

Unidades de superficie:

- Múltiplos e submúltiplos do metro cadrado.
- Relacións.

Áreas de triángulos de paralelogramos.

As unidades monetarias: billetes e moedas.

Criterios de Avaliación

- Nun contexto de resolución de problemas sinxelos, anticipar unha solución razoable e buscar os procedementos matemáticos máis adecuados para abordar o proceso de resolución.
- Ler, escribir e ordenar números decimais, interpretando o valor de cada unha das cifras (hasta as centésimas), e realizar operación sinxelas con estes números.
- Facer cálculos numéricos mediante diferentes procedementos (mentais calculadora, tanteo, algoritmos), utilizando o coñecemento sobre o sistema de numeración decimal.
- Expresar con precisión medidas de lonxitude, superficie, masa, capacidade e tempo, utilizando múltiplos e submúltiplos usuais convertendo unhas unidades en outras cando sexa necesario.
- Clasificar formas e corpos xeométricos dando razóns do modo de clasificación.
- Facer, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos o entorno inmediato.
- Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de pequenos xogos de azar, e comprobar dito resultado.

METODOLOXÍA

Trataremos de mellorar a súa expresión tanto escrita como a lectura , mediante todo tipo de actividades variadas , con textos que lles sexan estimulantes sen esquecer as producións espontáneas dos alumnos , facilitándolles o desenrolo da súa capacidade inventiva e de imaxinación .

Tratarase en todo momento de manter un ambiente estimulante e agradable para evitar tensións nos alumnos/as , tendo en conta os gustos e preferencias para elaborar as actividades .

As actividades procurarán conxeniar exercicios sistemáticos con outras máis lúdicas para evitar que se cansen.

Con aqueles alumnos que presenten reforzo educativo iremos traballando en coordinación coa aula ordinaria , reforzando as aprendizaxes que se estean a levar a cabo nela ou preparando e adoptando os contidos que se vaian traballar en sesións sucesivas .

Ademais de seguir os principios metodolóxicos xerais , como son :

- Individualización
- Principio de actividade
- Aprendizaxe significativa
- Aprendizaxe funcional e construtiva
- Aprendizaxe por descubrimento
- Partir dos intereses do alumno
- Etc...

Partirase dunha programación flexible , establecendo actividades variadas :

- Favorecerase a interacción e a comunicación profesor-alumno e alumno-alumno.
- Promoveranse actividades cooperativas e técnicas de alumnos guía (sobre todo no traballo na Aula Ordinaria pero tamén na aula de Apoio).
- Empregaranse diversas formas de agrupamentos : homoxéneos, heteroxéneos, pequeno grupo e individual.
- Favorecerase o desenrolo da creatividade : actividades abertas que desenrolen a imaxinación (sobre todo cando se trata de crear e inventar contos, historias...) uso de materiais que animen á investigación , tormenta de ideas, etc...
- Buscaranse actividades que teñan distintas posibilidades de execución e expresión e conteñan diversos graos de dificultade .

RECURSOS .

Cada necesidade require un tipo de material diferente , sempre adaptado ás características persoais e á idade dos alumnos/as . Ademais do material empregado na aula ordinaria , tamén se fará uso de materiais máis específicos, como material de expresión lóxico-matemática como xogos lóxicos, xogos de formas, de escenas incompletas, de secuencias temporais, dominós, ábacos... Tamén material para o desenvolvemento da linguaxe: libros de imaxes, textos de comprensión, contos, poesías, adiviñas, láminas de observación...Empregaremos tamén con frecuencia distintos programas informáticos e internet.

Na educación de todos os alumnos é precisa a cooperación e a coordinación entre diferentes profesionais internos e externos ó centro.

- Profesor titor e profesores de área.
- Os mestres de PT preparando materiais adaptados e asesorando ó resto do profesorado e ás familias . É moi importante a nosa coordinación co profesorado titor e cos profesores de área.
- O Departamento de Orientación : desempeña as funcións de atención aos alumnos/as con **n.e.a.e.** na súa valoración , seguimento, planificación de Medidas de Atención á Diversidade , e formación do profesorado .
- O Equipo de Orientación Específico.
- As familias .
- Diversos organismos .

Queremos engadir aquí , xa que anteriormente falamos da distribución horaria , a organización do **ESPAZO** , sinalando que aínda que a nosa intervención levarase a cabo fundamentalmente na aula de apoio , aínda que tamén se traballará de xeito individual na Biblioteca , tamén outros entornos poden ser educativos : patios , outras dependencias do centro ,etc

AVALIACIÓN .

Todas as actuacións educativas require un seguimento adecuado para ir solucionando as dificultades que van xurdindo por parte do alumnado, do profesorado e do proceso para favorecer a súa mellora.

A avaliación é unha actividade que forma parte do proceso educativo guiándoo e reconducíndoo. Consiste en recoller de forma continua toda a información necesaria para determinar en cada momento os recursos máis axeitados para o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe e axustar eficazmente a acción educativa ao longo do proceso (axustar criterios metodolóxicos, comprobar se alcanzan os obxectivos...)

A avaliación levarase a cabo nunca triplo vertente :

- Avaliando ao alumno/a .
- Avaliando o proceso de Ensino-Aprendizaxe .
- Avaliando a propia práctica docente .

Avaliación do alumno :

Avaliarase o grao de consecución dos obxectivos propostos a través dos criterios de avaliación . Estes criterios deben gardar relación ca adecuación de obxectivos e contidos no caso de alumnos de A.C.I .

A avaliación será inicial , para saber os coñecementos previos do alumno e identificar as posibles necesidades que poida presentar o alumnado tamén continua que nos permitirá comprobar a evolución do alumnado, co fin de poder ir axustando a nosa intervención segundo os seus progresos así como a detección de posibles novos casos, e final. Permitiranos facer unha valoración global do proceso levado a cabo, así como a detección de deficiencias no mesmo para que, no vindeiro curso, traten de alcanzarse os obxectivos que non se conseguiron.

Avaliación do proceso de E-A

Avaliación da práctica docente : avaliarase a relación do profesor co alumno/a , as estratexias metodolóxicas que se levaron a cabo a adaptación de actividades , etc...

CONCLUSIÓN.

Sendo partícipes da idea do **Modelo Inclusivo**, engadiremos que deben ser as escolas as que cambien para adaptarse ás necesidades de todos os alumnos propoñéndolles unha resposta educativa que potencie o máximo desenvolvemento das súas posibilidades. Para acadar isto, é preciso partir dun enfoque colaborativo entre todos os axentes educativos para que este sexa un obxectivo alcanzable. Por último, non debemos esquecer as tres condicións necesarias para ter éxito en calquera intervención humana ou educativa : **empatía, aceptación incondicional e coherencia**.

Unha educación será de calidade cando nela se lle dea a mellor resposta posible a todos os alumnos/as. Trallemos pois, neste sentido para acadar esta meta.

HORARIOS POR DETERMINAR